

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
EEASSD DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Modelo MD75PRO02

Programación

Titulación: Grao en Deseño de produto

Materia: Proxectos de produtos e sistemas

Disciplina: Debuxo técnico aplicado ao deseño de produtos

Curso: Segundo

Carácter: Materia optativa

Tipo: Materia anual

Docente: Isabel Cobreiro Mosquera

Ano académico: 2015-2016

Índice

1. Identificación e contextualización	3
2. Organización dos contidos	3
3. Avaliación	5
3.1 Criterios de avaliación.....	5
3.2 Procedemento.....	5
3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	5
3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación	7
Alumnado con parte da materia pendente	7
Actividades de recuperación. Nos casos nos que se precisen se programarán actividades de	7
recuperación Estas actividades se realizarán durante o período que media entre o remate. Da	7
convocatoria ordinaria e a realización de proba específica extraordinaria serán de asistencia	7
obligatoria e nelas se incluírán probas realizadas durante a avaliación continua. 7	
3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais	7
4. Metodoloxía, recursos e actividades complementarias.....	7

1. Identificación e contextualización

Idiomas	Castelán
Departamento	Deseño de Produto
Profesor/a	Isabel Cobreiro Mosquera
Correo electrónico	lcobreiro@edu.xunta.es
Web	
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: __4créditos- 2 horas semanais Horas totais: __100 Horas de clase semanais: __2 Horas de clase no curso: __72 Horas de traballo non presencial: __28 Horas titoría: __ 1semanal
Descritores	Aplicación das técnicas de representación e presentación para a completa definición e comunicación de produtos ou sistemas. Métodos de investigación e experimentación propios da materia

2. Organización dos contidos

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
1	Normalización	Traballo de síntese e recopilación dos coñecementos aprendidos sobre normalización	8 sesións	SETEMBRO - OUTUBRO
2	Perspectivas de sólidos	Representación de corpos, caras vistas e ocultas. Croquis en perspectiva	■ 16 sesións	■ NOVENBRO - DECEMBRO
3	Debuxo de sólidos Vistas e croquización	■ Croquización de diversos sólidos	■ 8 sesións	■ XANEIRO
4	Cortes e seccións	■ Representación e tipos de seccións, Cortes e rotura. Vistas interrompidas	■ 8 sesións	■ FEBREIRO
5	Representación e presentación de proxectos	■ Planos de conxunto, detalles, despece, perspectivas explosionadas, secuencias de construción. Anotacións, os textos nos proxectos	■ 32 sesións	■ MARZO - MAIO

3. Avaliación

Para proceder á avaliación ordinaria do alumno/a mediante o proceso de avaliación continua será necesario que asistise ao 90% das actividades da materia e que teña realizado a totalidade dos exercicios prácticos propostos na clase

3.1 Criterios de avaliación

Valoraranse os seguintes termos:

- Utilización dunha metodoloxía de traballo, para desenvolver as pautas específicas para deseñar e representar correctamente os deseños.
- A correcta utilización dos materiais de debuxo e o uso axeitado das correspondentes técnicas gráfico-plásticas relacionadas co debuxo técnico.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos en cada tema, para a correcta resolución do problema.
- Debuxar correctamente obxectos segundo os sistemas de representación mais idóneos
- Calidade e correcta presentación do traballo realizado, así como as técnicas de expresión e representación gráfica
- A realización dos traballos nas datas marcadas.

3.2 Procedemento

Para proceder á avaliación continua do alumno/a mediante o proceso de avaliación continua será necesario que asistise ao 90% das actividades da materia e que teña realizado a totalidade dos exercicios prácticos propostos na clase.

A avaliación farase en base ós exercicios realizados na clase e tres probas puntuables que se realizarán ó final de cada bloque temático

O alumno/a que teña un número de faltas superior ó 10% das horas lectivas do curso, perderá ó dereito a ser avaliado por este procedemento

3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

Avaliación Ordinaria.

Exercicios prácticos: 90% do total da cualificación

Exercicios relativos aos contidos explicados en cada unidade didáctica. Realizados individualmente polo alumno durante as clases prácticas e en horas de traballo non presenciais.

Precisase obter unha cualificación mínima de 5, para ter superada esa práctica

A non entrega dalgún exercicio implicará que ó alumno terá que facer un exame final.

Os exercicios non superados poderán ser recuperados cunha nova realización, ou mediante o exame final.

Os traballos serán entregados nas datas fixadas. O retraso será penalizado con 0.5 puntos de rebaixa

na cualificación obtida no traballo. Pasado un período de 20 días o traballo non será recollido

Asistencia a clase. 10 % do total da cualificación.

Participación e colaboración en clase ea realización dos traballos nas datas marcadas

Recuperación

Exercicios prácticos de recuperación. Os alumnos que precisen recuperar parte dos contidos poderán realizar unhas prácticas de recuperación ou un exame, según se determine en cada caso

Exame práctico final. Os alumnos que non superaran a materia coa avaliación continua poderán facer un exame de recuperación ao final do curso sobre os contidos non superados durante o mesmo.

Os alumnos con parte da materia non superada, realizarán un exame de recuperación específico da parte da materia pendente.

Avaliación Ordinaria. Alumnado con perda do dereito á avaliación

Exame teórico práctico final. 100 % do total da cualificación

Os alumnos con perda do dereito a avaliación continua poderán facer un exame final sobre todos os contidos explicados no curso, sempre que teñan realizados e entregados o 50% dos traballos realizados ó longo do curso

3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

Alumnado con parte da materia pendente

Actividades de recuperación. Nos casos nos que se precisen se programarán actividades de recuperación Estas actividades se realizarán durante o período que media entre o remate. Da convocatoria ordinaria e a realización de proba específica extraordinaria serán de asistencia obligatoria e nelas se incluírán probas realizadas durante a avaliación continua.

Os alumnos que non superaran estas probas deberán facer un exame de recuperación sobre os contidos

non superados.

Alumnado con toda a materia pendente

Exame práctico Os alumnos con toda a materia pendente farán un exame práctico, donde se aplicarán

todos os contidos explicados no curso, onde se avalía de xeito conxunto toda a materia.

3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

O tratamento á diversidade recollese de diversas formas:

1.- Unha das mellores estratexias para a integración do alumnado con determinados problemas de aprendizaxe é implicalos nas mesmas tarefas có resto do grupo, con distintos niveis de apoio e esixencia.

2.- A posibilidade de distintos niveis de profundización en moitas das actividades e proxectos propostos permitirán atender demandas de carácter máis profundo por parte daqueles alumnos/as con niveis de partida e/ou capacidades máis avanzadas ou cun interese maior sobre o tema estudado.

3.- O emprego das novas tecnoloxías, o deseño, a construción e a aplicación de saberes para a realización dos proxectos.... non é un campo no que se logren rápidos avances como efecto inmediato dun gran esforzo individual. Isto implica que non se pode establecer un método apresurado de recuperación para os alumno/as que cheguen a este curso con deficiencias. Propóñense, neste sentido, un intercambio de saberes con outros compañeiros, a base de traballos en grupo organizados, tanto nas actividades concretas destes como nas elaboradas no texto de índole individual, de forma que o alumno/a, por si mesmo e co apoio do profesor, sexa capaz de progresar nas materias onde os seus conceptos previos sexan insuficientes. Nestas actividades é factible utilizar diversas estratexias de actuación que permitan un progreso individual do alumno/a.

4. Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

DESCRITORES DE PLANIFICACION DOCENTE (METODOLOXIA)

Actividades introductorias. Explicación aos alumnos do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nos obxectivos, os contidos que se traballarán, a metodoloxía e no sistema de avaliación.

Exposición maxistral. Explicación por parte do profesor na aula ao grupo clase dos contidos dos temas.

Exposición práctico-teórica. Resolución por parte do profesor de problemas propostos en cada tema, a

partir dos contidos explicados previamente nas exposicións maxistras.

Práctica individual. Realización por parte do alumno dos exercicios propostos pola profesora en cada tema, mediante traballo na aula e traballo non presencial, onde aplicará os coñecementos teóricos e prácticos explicados na clase.

Actividades de avaliación. Probas de carácter práctico onde se plantexa a resolución de exercicios relacionados cos contidos explicados e traballados na aula

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Actividades extraacadémicas

De forma complementaria poderánse realizar saídas que teñen como finalidade informar e ilusionar o futuro Deseñador

Con este fin poderánse realizar durante o curso viaxes dun día para visitar algunha exposición temporal encargándose o profesora das explicacións pertinentes.

Para o 19 de outubro está programada unha visita á exposición "FRANK LLOYD WRIGTH. *DI SEÑOS DECORATIVOS PARA LA ILUMINACION*" de Antonio Barro, sita na delegación de A Coruña do COAG

BIBLIOGRAFIA

Referencias básicas.

- DIBUJO TECNICO, Basilio Ramos. Esteban García. AENOR
- CROQUIZACIÓN, Joaquín Gonzalo Gonzalo. Ed. Donostiarra DIBUJO TECNICO, Bachmann-Forberg. Ed. Labor
- DIBUJO GEOMETRICO Y DE CROQUIZACION. F. Javier Rodríguez de Abajo. Ed. Marfil
- DIBUJO PARA DISEÑADORES INDUSTRIALES. Fernando Julián. Jesús Albarracín. Ed. Parramón

Referencias complementarias.

- INICIACION A LA PERSPECTIVA CÓNICA. Joaquín Gonzalo Gonzalo. Ed. Donostiarra
- INICIACION AL SISTEMA DIEDRICO. Joaquín Gonzalo Gonzalo. Ed. Donostiarra.
- SOLIDOS GEOMETRICOS EN SISTEMA DIEDRICO. Joaquín Gonzalo Gonzalo. Ed. Donostiarra
- GEOMETRIA DESCRIPTIVA SUPERIOR Y APLICADA, Fernando Izquierdo Asensi. Ed. Dossat
- PERSPECTIVA AXONOMETRICA Y CABALLERA. Victor Alvarez Bengoa. Ed. Donostiarra
- PERSPECTIVA CONICA, Enrique Bonet Minguet. Ed Quiles

- **MIRANDO A TRAVES. LA PERSPECTIVA EN LAS ARTES . Javier Navarro de Zubillaga. Ed. Serbal**